

TAPICEIRO

1. DATOS BÁSICOS SOBRE O OFICIO

1. Nomenclatura do oficio

Tapiceiro

2. Outras denominacións

Non se contemplan.

3. Outras ocupacións do sector

Bordadora, encaixeira, pasamaneiro, alfombreiro, tecedor, decorador de teas.

4. Área ou sector ao que pertence

Téxtil

5. Adscrición á clasificación CNAE

13.9 Fabricación de outros produtos téxtiles.

6. Descrición sintética do oficio artesán

O tapiceiro é o artesán que realiza pezas de tecido con debuxos e figuras, por procedementos artesanais, que normalmente se usan como adornos nas paredes.

7. Principais funcións que desenvolve

- ◆ Selección da paleta de cores a utilizar e o tipos de fíos
- ◆ Realización da trama
- ◆ Batanado
- ◆ Rematado do tapiz
- ◆ Desmontado do tapiz do tear

2. DATOS SOBRE O PROCESO PRODUTIVO DA ACTIVIDADE

1. Fases do proceso

1. Fase I. Deseño da peza

- ◆ Nesta fase conceptualízanse os aspectos estéticos, técnicos e funcionais do produto a crear, baseándose no coñecemento das tendencias do mercado, así como das técnicas do proceso produtivo, a través da realización dun bosquexo da peza. A partir do bosquexo, débúxase un plano a escala do obxecto.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: materiais propios de debuxo e deseño (lápices, pinceis, cartóns, pinturas).
- ◆ Postos de traballo que se asocian: deseñador, debuxante/delineante.

2. Fase II. Preparación da materia prima

- ◆ O primeiro paso consiste na selección do material a utilizar, fio de seda, liño, algodón e iute. Nesta fase prepáranse as cores ou “paleta de cores”, segundo o deseño da peza a realizar. Esta paleta de cor realízase tinguido os materiais a utilizar. Ademais de preparar as cores, realízase a montaxe do urdido, ben en tear horizontal ou vertical. Este materiais e os teares xa montados utilízanse na fase de confección da peza.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: Tear de alto lizo, tear de baixo lizo.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: debandoira, auxiliar de debandoira, urdidor.

3. Fase III. Conformación da peza

- ◆ Co produto de entrada, os fíos tinguidos segundo o deseño e o urdido montado no tear, realízase a trama e o tecido dos fíos segundo o deseño mediante pasadas da lanzadeira en dobre sentido. A cada pasada de lanzadeira batánase a trama e o nó. Desta fase sae o tapiz confeccionado a falta de remate, que xa pasará á fase de acabado.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: tear de alto lizo, tear de baixo lizo, agullas, tesoiras, peite batanador.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: tecedor e urdidor.

4. Fase IV. Acabado da peza.

- ◆ Nesta fase remátanse os bordes do tapiz e realízase a faixa final de remate. Unha vez feito isto desmóntase o tapiz do tear. Con isto xa temos o tapiz confeccionado e rematado.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: tear de alto lizo, tear de baixo lizo, agullas,

tesoiras.

- ◆ Postos de traballo que se asocian: tecedor, urdidor.

5. Fase IV. Control da calidade

- ◆ Neste proceso diferéncianse dous momentos. Primeiro seleccionase o material axeitado para o elemento que queremos realizar, coa finalidade de comprobar o seu estado correcto e apto para a súa utilización. O segundo control efectúase sobre a peza terminada, rematada e decorada co fin de detectar pezas defectuosas tanto na súa configuración, como acabado, adxudicando finalmente calidades ao produto final. O tapiz xa está rematado e revisado para comercializar.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: instrumentos de verificación e control.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: técnico de calidade.

2. Síntese do proceso



3. Técnicas utilizadas

Non se recollen técnicas específicas.

4. Instrumentos de traballo

1. Útiles e ferramentas

- agullas
- bastidor
- canela
- lanzadeiras
- peite batanador
- tesoiras

2. Equipos e máquinas

- Tear de alto lizo
- Tear de baixo lizo

5. Contorna de traballo

1. Lugar e espazo de traballo

O espazo habitual de traballo son os talleres artesáns.

2. Ambiente e condicións de traballo

O traballo soe darse en condicións atmosféricas de interior.

3. RECURSOS NATURAIS UTILIZADOS

1. Descrición dos recursos. Localización Xeográfica. Proceso de obtención.

- Algodón
- La
- Teas
- Coiro
- Plástico

Non se rexistra procedemento específico de obtención de recursos directamente no territorio. Os materiais empregados, proceden directamente de industria.

4. PRODUTOS FINAIS

1. Principais tipos de produtos que realizan

- Tapices de alto lizo. Técese colocando a urdime en posición vertical
- Tapices de baixo lizo. A urdime colócase en posición horizontal, proporcionando maior rapidez, pero menor calidade.

5. OBSERVACIÓNS DO OFICIO

Non se contemplan.

6. DIAGRAMACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

